



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio delegación competencias de alcaldía en Xunta de Gobierno Local

ANUNCIO

"EXPEDIENTE 2025/G003/000334. Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Gobierno Local.

ANTECEDENTES

18.07.2023. Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Gobierno Local do Concello de Touro

12.08.2025 Elección alcalde.

CONSIDERACIÓN TÉCNICAS E XURÍDICAS

A Xunta de Gobierno Local non é un órgano de carácter necesario nos municipios que contén cunha poboación de dereito inferior a cinco mil habitantes (artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local).

De constituírse, esta integrada polo alcalde, que a preside, e por un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo Alcalde (artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local).

No caso do Concello de Touro o número de integrantes (alcalde incluído) é de 4.

A Xunta de Gobierno Local ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas funcións, así como aquelas outras que lle deleguen o pleno ou o alcalde ou lle atribúan as leis.

O artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, en relación co disposto nos artigos 43.2, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, atribúe ao alcalde a competencia para constituír dito órgano

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Delegar na Xunta de Gobierno local as funcións de asistencia e asesoramento a esta Alcaldía que lle atribúen directamente os artigos 23.2 da Lei 7/1985 e 53 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, así como as que lle atribúan directamente as leis e as bases de execución do orzamento municipal e, por delegación desta Alcaldía, asumirá as seguintes competencias:

A) As contratacións e concesións de toda clase de obras, servizos e subministros, dentro dos límites competenciais que ó alcalde-presidente outorga a DA segunda da Lei de contratos do sector público.

B) En materia de gastos:

1.-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da alcaldía, excepto:

- Haberes e retribucións nominativas de persoal municipal de toda clase, de conformidade cos acordos corporativos.
- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.
- Os intereses e amortizacións de préstamos, gastos por xestión de recibos e comisión bancarias.
- Gastos derivados de publicación de anuncios en boletíns oficiais, taxas administrativas e multas e sancións.

2.- Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigas en tódolos supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Gobierno Local.

3.- Acordos relativos a concesión de subvencións dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados.

4.- Acordos relativos a recoñecemento de trienios ós empregados públicos municipais.

C.- En materia de ingresos:

1.- Aprobación de Padróns, Matrículas e Listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos.

2.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

3.- Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos.

D) Outorgar licenzas, agás que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúa no Concello Pleno e, concretamente, outorgamento de licenzas urbanísticas de obra, de derrubo e de parcelacións, autorizacións

para ocupación de dominio público local e autorizacións de pasaxe permanentemente, así como a concesión de autorizacións de entroncamentos de auga e conexións á rede de sumidoiros municipal.

E) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

F) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

G) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para súa contratación.

H) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da alcaldía.

I) A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites establecidos na DA segunda da lei de contratos do sector público.

SEGUNDO. Nos acordos que se adopten pola Xunta de Goberno Local por delegación, deberá facerse constar esta circunstancia e entenderanse ditados pola Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos.

Non obstante, esta Alcaldía reservase a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, conforme ao establecido no artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Independente das competencias que se delegan esta alcaldía poderá someter a consideración da xunta de goberno local como órgano de deliberación, asesoramento e apoio a esta alcaldía calquera asunto da súa competencia que sexa delegable e sometelo a votación.

TERCEIRO. Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia da Coruña e déase conta ao Pleno.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González

José López González, secretario-interventor"

Touro, 3 de setembro de 2025

O alcalde-presidente, Jesús José Reboredo González

2025/5922